

**Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local**

**Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026**

**Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026**

**Resolución do 21 de maio de 2026 do tribunal designado** para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 27 de marzo de 2026, **pola se publican as cualificacións definitivas do primeiro e segundo exercicio deste proceso.**

O día 14 de maio de 2026 realizáronse o primeiro e segundo exercicios deste proceso nomeado no encabezado desta Resolución, correspondentes as probas de coñecementos e a proba de coñecemento da lingua galega, o día 18 de maio de 2026, este Tribunal procedeu a corrección automática dos exercicios realizados e a publicación das cualificacións provisionais das mesmas.

Rematado o prazo de alegacións, contestadas de forma individual as alegacións recibidas, na sesión que tivo lugar o día 21 de maio de 2026, este Tribunal, por unanimidade , ACORDOU:

1. Publicar como anexo I a esta Resolución a listaxe de cualificacións definitivas da proba de coñecementos, por orde alfabética.
2. Confirmar como definitiva a listaxe de cualificacións na proba de coñecementos da lingua galega, publicada con data 18 de maio de 2026.
3. Convocar a todas as persoas que superaron o primeiro e segundo exercicios deste proceso a realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física) cos datos que a continuación se sinalan:

DATA: 24 de maio de 2025

HORARIO: Maña (09:45 horas ata a finalización, sendo o último chamamento as 13:30 horas)

LUGAR: Sede da Academia Galega de Seguridade Pública

Rúa da Cultura, s/n

36680 A Estrada. Pontevedra



**Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local**

**Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026**

**Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026**

*DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ACCEDER Á RELIZACIÓN DO  
TERCEIRO EXERCICIO:*

- A. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.*
- B. Informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos deste proceso. Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores ao día 09 de maio de 2026.*
- C. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal.*

As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

As probas de aptitude física realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte.

Na proba de potencia tren inferior (salto vertical) permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto/a.

Na proba de resistencia xeral as persoas aspirantes dispoñen dunha soa posibilidade de execución.

A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

Unha vez efectuado o chamamento as persoas aspirantes seguirán en todo momento as indicacións do Tribunal e do persoal colaborador. O incumprimento do cumprimento das ditas instrucións suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso.

Recomendase a todo o persoal convocado, que se atope no lugar determinado para o chamamento (pavillón da Agasp) polo menos con 10 minutos de antelación a hora sinalada para cada interesado/a.



**Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local**

**Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026**

**Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026**

Publicase como anexo II a esta resolución, a listaxe de chamamento co horario designado a cada persoa opositora.

Na data da sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

